

# INDEPENDENZA OU MORTE

---

---

O primeiro Comité R. Arredista Galego

aos galegos de tud'o mundo.



Nas grandes circunstancias, a prudenza é unha debilidá.

—  
*Isnard.*

Antr'o Governo que fai o mal i-o povo qu'o consente, hai certa soidaridá vergoñosa.

—  
As revolucións deben sempre marchar de presa, porqu'o porgueso non ten tempo que perder.

—  
Nada sen-a liberdade; a servidume é a i-alma cega.

*Victor Hugo.*

## IRMAOS GALEGOS:

Erguendo ao ceo lamentos esesperados, Galizia pide ousileo os seus fillos que parmañecen xordos as suas súplicas. Desex'a liberdade que ll'arrebataron, i-unha fouciña qu'apresure ô fin a hora da vinganza.

Galizia ten fe na sua santa Causa. Galizia agarda qu'os seus fillos corran-a tomal-as armas axiña, pra botar fora do seu territorio às hordas estranxeiras: o domeño despóteco i-opresore dos eunucos do Poder centralista. Galizia quer ter na sua bandeira, como heroica lexendaria, as verbas de Patria e Liberdade, pra qu'os seus fillos morran sen arrastrar cadeas.

Non somos hespañoes, nen temos por que amare a Hespaña; nantes pol-o contrareo: temos, iso sí, porque odial-a: na Hespaña é onde s'emprentan libros difamadores de Galizia; Hespaña é a que s'opon o engrandecimiento do país galego: Hespaña é a usurpadora dos intréses galegos; ela é a eterna amparadora de canto vaia contr'o prestixio e benestare da Galizia. Hespañoes son-os caloñadores dos fillos da Galizia. Hespañoes foron-os qu'afusilaron vilmente aos mártires de Carral; aos do Castelo da Frouseira, i-a tantos outros galegos nobres. Hespañoes son-os que fixeron qu'a verba galego sirva d'alcume, i-os que decote insultan gratuitamente aos galegos nas ruas das cibdades.

¿Quen é S. M. Alfonso XIII? O Xefe dos verdugos da nosa Galizia.

¿Qué siñifica o Congreso menisterial no Madrí podre? Xunta dos "vampiros", pra estudialo xeito d'acoitelar aos hespañoes inteleutuáes dinos, e protexer aos malvados; de que non falte nunca un matadeiro a onde ter en constante desangue a xuventude da Iberia; de seguir "civilizando" a países eistranxeiros, deixando qu'a Nazon Hespañola permaneza no meirande estado d'abandono i-atraso, i-o seu Povo incivilizado. Isto é o que siñifica o Congreso na Vila Podre.

### OS MESTRES MANDAN

Lasí son sempre pra Hespaña  
os patrucios d'esta Terra  
esquencida, qu'hespañola  
nunca chamarse debera.

**M. Leiras Pulpeiro.**

¡Ergue, labrego! ¡Erguete e anda!  
¡Coma en Irlanda! ¡Coma en Irlanda!  
¡Erguete axiña!  
¡N'oyes as queixas que dá a terriña?  
¡Ela é a que manda!  
¡Pobre naiciña!  
¡Erguete e anda!  
¡Coma en Irlanda! ¡Coma en Irlanda!

**Alfredo Brañas.**

Segade a vosa herdade,  
¡Ay d'aquel que non sexa valente!  
Segade, galegos, con forza, segade.

**Eduardo Pondal.**

Probe Galizia, non debes  
Chamarte nunca hespañola,  
Qu'Hespaña de tí s'olvida.

**Rosalía Castro de Murguía.**

A sangue do infeliz Pardo de Cela  
crama venganza a Dios pol-a inxusticia:  
aquele que derramou tén que bebelas;  
unque a cova escarnezan, a xusticia  
a de facer que resuciten d'ela  
a Independenza e Gloria de Galicia.

**V. Lamas Carvajal.**

Antes que ser escravos,  
irmáns, irmáns gallegos  
que corra o sangue a regos  
dend'a montana o val.

**Ramón Cabanillas.**

O galego qu'aínda sigue sentindo-se hespañolista ou é un ñorante, un falto de miolo, ou é un cobarde que carez de tuda idea nobre e de tudo sentimento xeneroso. E nós decémoslle: ¡Eres un miserable! ¡Pra tí non terán máis bicos as doncelas galegas; non eres merescente dos agarimos da tua nai; non eres dino de chamarte celta!

En canto aos "bós e xenerosos" que temos de vertelo noso sague pol-a Patria o buscal-o seu esprendor, ¡ouh! poremos ir por tudal-as partes ca testa ergueita, co curazon latexante de ledicia i-a concenzia tranquiá, dicindo moi outo: ¡aínda gardamos semellanza cos nosos pais celtas; aínda conservamol-as suas calidás d'homes cívicos e bélicos!

### MISION DO COMITE

O Comité R. Arredista Galego, terá por mision-o seguinte:

(a) Traballar acotío por convertil-o Povo Galego en rebelde, e reavival-o na fe e nas práitecas nazionalistas.

(b) Considerando que tuda nazionalidade—por pequena ou grande que sexa—ten dreito a ser ceibe, e con máis razón Galizia, porque foi Reino Soberan e Independente, liberdades que lle foron usurpadas, o Comité contribuirá por tudol-os medios faitibres o espallamento das ideas revoluzionareas i-ampriamente arredistas, até conquiril-a ausoluta Independenza de Nazon de Breogán.

(c) Estudiará e traballará pol-a soluzón d'aqués porbremas que poidan contribuir o porgueso e benestar da futura República Galega.

(d) Contribuirá a creazón d'un Goberno Provisionae de Galizia, pol-o que terán de rexirse tudol-os comités arredistas galegos costituidos no mundo enteiro.

(e) Terá de poñer en práitica canto sexa preciso pra impôr o Respeto, os Dreitos i-os Vaores de Galizia.

(f) En tudol-os traballos e manifestaciós do Comité será imprescindivel o uso do idioma galego.

(g) Tudal-as Asambleas que leve a efecto iste Comité serán de ca-raute abertamente arredista, ás que porán asistire con vos e voto tudol-os que sempaticen co noso Credo, podendo falar en calquer idioma, agás no castelán. Nas ditas Asambleas será idioma internazonal o portugués.

### PRA INGRESAR NO COMITE

As calidás que terá que reunil-o individo que queira ingresar no Comité R. Arredista Galego, seran-as siguientes:

1º—Non ter nada no seu pasado que desdiza da boa fe e do seu desinteresado amore a Causa da Galizia.

2º—Non ser menor devint'anos.

3º—Ser arredista por convinzión; ser muito reservado, decidido, formal, e ficar disposto a sacrificial-a sua vida e benestar, s'é preciso, pra outel-o respeto da Raza i-a Independenza da Patria Galega.

4º—Ter unha vountade suprema pra levar a cabo cantas obrigas ll'impoña o Comité R. Arredista Galego.

Tamén será requisito indispensabre o prestar xuramento, ô ingresar no referido Comité; o xuramento terá de prestal-o n-iste tono:

Eu... xuro solenemente fideidade verdadeira e leialtade a Causa Re-

voluzionarea Arredista Galega, e comprométome a praictical-os seguintes MANDAMENTOS:

1º—Recoñezo qu'a Bandeira Galega é a úneca a que fíco abrigado i-estarei disposto a defender até a cova.

2º—Considero que Galizia ten sagro dreito a sua Independenza ausoluta, por tanto, teño de poñel-a miña vida o servizo do Ideial.

3º—Non negarei xamais a miña condizion de galego arredista, e sí farei porpaganda arredista galega sempre que teña ocasion, sen dar-me nunca a coñecer com-asoziado do Comité R. Arredista Galego.

4º—Porcurarei adequirir conocimientos sociaes, estadístecos, d'economía e de canto sexa d'utilidade pra realizazón d'aquelas obras que poidan conducir a felicidade eterna á futura República Galega.

5º—Espallarei que Galizia ten persoalidade propia; qu'os produtos qu'ela produce son dos millares; que reune calidás muito boas pra industrias importantísemas.

6º—Preferirei sempre as cousas que procedan da Galizia as de ningún outro país.

7º—Dedicarei tud'a miña intelixenza i-enerxías ao porgueso e benestar da Nación Galega.

8º—Cooperarei a tuda auccion que dimane do Comité R. Arredista Galego, o que pertenezco.

9º—Non divulgarei endexamais a organizazon interiore do Comité, nen-o nome de nengún asoziado do mesmo; nen farei nengunha manifestazon qu epoida interrumpil-a boa marcha do devandito Comité, ou prexudicar a algún asoziado d'íste.

10º—Tanto na axuda coma no trato saciaes, comerciaes, coma en tudo, darei preferenza sempre aos irmáns asociados do Comité R. Arredista Galego.

---

¡Irmáns galegos, a Patria chámanos ao combate; xuremos por ela vencer ou morrer!

En pé, sereos, ledos e valentes, cantémol-o hino ao combate, i-acudamos ufáns, cal un soyo home, a despregar soberbamente a nosa bandeira nas costas de Galizia, i-a facer fuxir d'ístas ás hordas eistranxeiras: aos tiránicos do Poder da Castela.

Os galegos en Cuba, levemos sempre nos nosos beizos os berros barils de:

¡Viva Galizia Independente!

¡Viv'a República Cubana!

¡¡Abaix'o Centralismo Hespáñol!!

Ⓞ **Comité Revolucionareo Arredista Galego d' Habana.**